

BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO SORTEO “10 Libros de *Ecoralia, a lambona ecolóxica*

ENTIDADES ORGANIZADORAS

Paco Cerdeira (en diante Pakolas), con correo electrónico pakolas.cerdeira@gmail.com e teléfono 649611845, pon en marcha o sorteo “10 Libros de *Ecoralia, a lambona ecolóxica*” (en diante sorteo), xunto co Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (en diante Craega), con domicilio en Ronda M.^a Emilia Casas Baamonde, s/n (Edificio Multiusos) 27400, Monforte de Lemos (Lugo), con enderezo electrónico craega@craega.es e teléfono 982405300, incentivando a participación co fin de promover a divulgación entre os máis pequenos sobre o consumo de alimentos ecolóxicos certificados.

DATA DE INICIO E DE FINALIZACIÓN

O prazo de participación comezará o día 16 de decembro de 2024 e rematará o 21 de decembro de 2024 ás 23.59 h. Resolverase o día 23 de Decembro de 2024

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO

Requisitos:

- Poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade residentes en España.
- Os datos que acheguen os participantes deberán ser veraces.
- Os participantes empregarán as redes sociais (Facebook e Instagram) para participar, e para difundir o sorteo e incentivar a participación.
- Ao participar, acéptanse estas bases e regras. Calquera incumprimento destas bases por parte dun participante suporá a anulación da súa participación.

A mecánica do sorteo será a seguinte:

1. Seguir os perfís de [@pakolas_pacocerdeira](#) e [@craegagalicia](#) en Instagram ou as páxinas de [Pakolas](#) e do [Craega](#) en Facebook.
2. Darlle gústame/encántame á publicación do sorteo.
3. Compartir nos perfís persoais en aberto, tanto en muro de Facebook coma en stories de Instagram
4. Mencionar/etiquetar o perfil dunha amizade na publicación comentando.

CONDICIÓNS DO SORTEO E PREMIOS

O recento dos participantes realizarase o 22 de decembro, xerando unha listaxe de participantes por ambas redes A selección dos gañadores/as realizarase mediante un sorteo simple feito a través da aplicación SorteaDos (<https://www.sortea2.com/>) o 23 de decembro de 2024, tanto para a rede Facebook como Instagram, a través da listaxe xerada

Para as 10 persoas gañadoras, verificarase que as participacións realizadas están baixo as condicións indicadas no epígrafe anterior

A organización do sorteo resérvase o dereito de eliminar a calquera participante se detecta algunha actividade sospeitosa; se a participación mostra contido que incite ao odio, violencia, delitos ambientais, consumo de alcol e drogas ou sexo; se é ilícita, ou se o gañador do sorteo non cumpre os criterios establecidos nestas bases. En caso de que isto ocorra, o primeiro participante suplente determinado polo sorteo pasará a ser o gañador.

Premios e comunicación aos gañadores:

- O sorteo terá 10 gañadores/as: 5 en Facebook e 5 en Instagram.
- Cada gañador/a obterá un libro de [Ecoralia, a lambona ecolóxica](#), que se enviará ao domicilio postal particular facilitado (so envíos dentro da Península Ibérica)

O resultado do sorteo comunicárase de xeito público a través de Facebook e Instagram, mediante a publicación da resolución dos 10 gañadores/as (5 en Facebook e 5 en Instagram), o día 23 de decembro, e tamén se recollerá a resolución en www.pakolas.com/eventos. A aceptación do premio deberá realizarse nun prazo máximo de 5 días naturais a partir do día seguinte á publicación da resolución. Para iso, deberán poñerse en contacto ou ben con Pakolas ou ben co Craega facilitando a dirección postal e teléfono de contacto para o envío do exemplar (dita información persoal so se empregará para o fin deste sorteo). Pakolas e Craega non se responsabilizan de non poder contactar co gañador/a e, en consecuencia, de que non se lle poida outorgar o premio.

LIMITACIÓNS

Se se evidencia que algún participante non cumpre os requisitos esixidos nestas bases ou que os datos proporcionados para participar non son válidos, a súa participación considerarase nula e quedará automaticamente excluído do sorteo, perdendo todo dereito sobre o premio outorgado en virtude deste sorteo.

Non poderán participar no sorteo as seguintes persoas:

- Persoas traballadoras por conta allea ou empregadas en calquera das entidades con personalidade xurídica vinculadas a Pakolas e Craega.
- Calquera outra persoa física que participase directa ou indirectamente na organización do sorteo ou que se implicase directa ou indirectamente na súa preparación ou desenvolvemento (axencias, provedores, etc.).
- Os premios entregados non son transferibles nin susceptibles de cambios, alteracións ou compensación a petición dos participantes, e non poderán trocarse por calquera outro produto ou diñeiro.

Pakolas e Craega resérvanse o dereito, se concorre causa xusta e previa comunicación en forma legal, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar o sorteo.

Será por conta e cargo do gañador calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación do premio puidese supoñerlle, así como calquera outro gasto derivado da promoción que non estea expresamente asumido por Pakolas e Craega nestas bases.

Establécese un prazo de 7 días hábiles desde a data da concesión do premio para efectuar calquera reclamación motivada. Pakolas e Craega resérvanse, en caso de necesidade, o dereito de substituír os premios por outros de características similares.

PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios nin opinións cuxo contido se considere inapropiado, ofensivo, inxurioso ou discriminatorio, ou que poidan vulnerar os dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra unha persoa que vulneren os principios do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Pakolas e Craega non se responsabilizarán dos danos ocasionados polos comentarios dos participantes no sorteo que en calquera momento poidan afectar a sensibilidade doutras persoas.

EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, Pakolas e Craega non se responsabilizan das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento do presente sorteo, así como tampouco se responsabilizan do uso que faga o participante respecto ao premio que obteña deste sorteo; tampouco asumen ningunha responsabilidade por ningún dano ou prexuízo de calquera tipo que puidesen sufrir os participantes, o gañador ou terceiros.

Pakolas e Craega non asumen a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización do sorteo ou o goce total ou parcial do premio. En caso de que

este sorteo non puidese realizarse, sexa por fraudes detectados, erros técnicos ou calquera outro motivo alleo ao control de Pakolas e Craega e que afecte o normal desenvolvemento do sorteo, estas entidades resérvanse o dereito de cancelalo, modificalo ou suspendelo.

FACEBOOK E INSTAGRAM

O presente sorteo non está patrocinado, avalado, administrado nin asociado de ningún xeito a Facebook nin Instagram, polo que os participantes liberan a Facebook e Instagram de toda responsabilidade polos eventuais danos que puidesen derivarse.

CAMBIOS

Pakolas e Craega resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida en que non prexudique ou menoscabe os dereitos dos participantes no sorteo.

LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lexislación española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que poida xurdir en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os xulgados e tribunais da cidade de Lugo.